

O Concello bergantiñán pon a disposición dos usuarios os equipos informáticos con acceso libre á web // A oferta complétase co empréstito de literatura infantil **TEXTO J. Trillo**

Coristanco ofrece acceso á Aula Planeta

A biblioteca pública municipal de Coristanco ofrece aos seus usuarios a posibilidade de acceder de forma gratuíta á Aula Planeta, un banco de contidos audiovisuais e interactivos orientados a alumnos de Primaria e ESO que cobre por completo todo o currículo escolar.

A Aula Planeta adáptase ao nivel dos nenos, ás súas necesidades de aprendizaxe e a súa metodoloxía de estudo. Ademais, permite o estudo individual, fomenta a autoavaliación, estimula o traballo colaborativo e facilita a explotación nun entorno dixital seguro. Co servizo que pon á súa disposición a biblioteca municipal tamén se promove a capacidade de alfabetización crítica, cunha especial atención aos criterios do exame PISA en lectura,

ciencias e tamén matemáticas.

A biblioteca de Coristanco está situada no primeiro andar do edificio de servizos múltiples, e tamén pon a disposición dos usuarios dous equipos informáticos con libre acceso á web e á rede de bibliotecas.

A oferta complétase cun servizo de empréstito de literatura infantil, xuvenil e de adultos. Entre os fondos da biblioteca municipal atópase narrativa española e estranxeira, romántica, histórica, novela negra, así coma todas as novidades editoriais e best sellers. Os alumnos do CPI Alcalde Xosé Pichel teñen á súa disposición, ademais, os libros de lectura obrigada para ESO. Tamén poden consultar grandes coleccións (premios Planeta, clásicos universais...) e obras de educación in-

fantil. Os veciños interesados en coñecer con máis detalle os servizos da biblioteca pública municipal poden contactar a través dos números de teléfono 981 733 280 e 651 664 908 ou ben mandar un correo ao email coristanco.rbgalicia@eidolocal.es.

OBRAS. Por outra banda, o Concello de Coristanco está a rematar distintas obras de infraestructuras en varios núcleos de poboación. Unha delas é a mellora de depósito na parroquia de Agualada, acondicionamiento de praza na parroquia de Seavia e mellora da capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Seavia a Couso. O investimento total destas actuacións é de 51.402 euros.

jtrillo@elcorreogallego.es



A biblioteca municipal, na imaxe, está dotada de equipos informáticos para executar o programa. Foto: C. G.